


# Xornadas GÁLIX DESFACENDO A RAIA 2025

## Os movementos migratorios na LIX



algúns libros  
sobre o tema



Vivimos tempos de crise, de alarma humanitaria, de emerxencia climática. Os libros, a literatura de ficción e non ficción son, máis aló de elementos de ocio, espazos de aprendizaxe, lugares refuxio, momentos de calma; son tamén unha ferramenta fundamental para para entender o mundo que nos rodea, para coñecer e valorar a nosa cultura e para abrir os ollos e a mente ante outras culturas, outras formas de vivir e de pensar.

Sabemos que a lectura é un elemento de transformación social e de pensamento e nós, como mediadores, debemos fornecer ao lectorado máis novo de libros de calidade nos que apoiarse.


Nestas XIV Xornadas Dsfacendo da RAIA reflexionaremos e debateremos sobre os movementos migartorios na LIX.

Para complementar esta actividade fixemos unha escolma de libros en galego que poidan ser de utilidade para mediadoras interesadas.



# Primeiras lecturas

## ***A famosa invasión de Sicilia polos osos***



Autor: Dino Buzzati

Tradución: Mónica Rodríguez

Editorial: Kalandraka


Colección: Tiramillas

Ano: 2003

ISBN: 84-8464-137-6

Sinopse: Os osos enfróntanse e derrotan ao exército do tirano e gobernan rectamente durante algúns anos. Pero aos poucos vanse humanizando co poder e caendo na corrupción e o abuso.

## ***A fuxida***



Texto: Berta Dávila

Ilustración: Inma Doval


Editorial: Biblos Clube de Lectores

Ano: 2014

ISBN: 978-84-15086-43-7

Sinopse: Historia protagonizada por Nadia, unha nena que ten que fuxir da guerra abrazada ao seu osiño, [https://www.labiblos.com/libro/a-fuxida\\_258615](https://www.labiblos.com/libro/a-fuxida_258615)

## ***Nana para un soldado***



Texto: PePablo Patinho Penya

Ilustración: Nuria Díaz

Editorial: Embora

Colección: Tren das cores


Ano: 2020

ISBN: 978-84-17824-19-8

Sinopse: Unha pequena peza dramática que tenta suavizar a atrocidade da guerra convertendo o amargo en doce.

<https://www.edicionsembora.es/titulo/nana-para-un-soldado>

## ***O ladrón de paxaros***



Texto: Paco López-Barxas

Ilustración: Chus Ferrín

Editorial: Baía

Ano: 2006

ISBN: 978-84-96526-66-2

Sinopse: Conta as aventuras e os perigos que ten que superar Martín e a súa almofada voadora para liberar todos os paxaros que viven colgados das súas gaiolas nas terrazas dos edificios da súa cidade.

<https://baiaedicions.gal/infantil-xuvenil/90-o-ladron-de-paxaros.html>

## O león Kandinga



Texto: Bonifacio Ofogo

Ilustración: Elisa Argüé

Tradución: Silvia Pérez Tato

Editorial: Kalandraka

Colección: Tras os montes


Ano: 2016

ISBN: 978-84-8464-711-9

Sinopse: A tribo africana dos bantús conta a fábula do león Kandinga para explicar que a crueldade e o egoísmo levan á desgraza, a soidade e mesmo á morte.

<http://www.kalandraka.com/ga/colecciones/nome-coleccion/detalle-libro/ver/o-leon-kandinga/>

## O mundo en que vivín



Autora: Ilse Losa

Tradución: Anxo Tarrío

Editorial: Hércules

Ano: 2019

ISBN: 978-84-949843-1-0

Sinopse: A historia dunha nena xudía en Alemaña entre rituais xudaicos públicos e domésticos, a atracción alternativa entre a emigración a Estados Unidos e o sionismo.

<https://www.herculesediciones.com/gl/libros/o-mundo-en-que-vivin/>

## O país dos mandóns



Texto: Paloma Rodríguez e Cristina Justo

Ilustración: Spela Trobec

Editorial: Embora

Colección: A igualdade conta


Ano: 2009

ISBN: 978-84-92644-16-2

Sinopse: Nese país uns cantos mandan sobre o resto e non permiten que as nenas, as mamás ou as avoas xoguen, saian ou traballen fóra da casa.

[http://www.edicionsembora.es/producto\\_detalle.php?producto=1014](http://www.edicionsembora.es/producto_detalle.php?producto=1014)

## O principio



Texto: Paula Carballeira

Ilustración: Sonja Danowski

Editorial: Kalandraka

Colección: Demademora


Ano: 2012

ISBN: 978-84-8464-779-9

Sinopse: O horror da guerra a través da ollada infantil. Un texto poético que completan unhas ilustracións dun realismo feroso e feroz.

<https://kalandraka.com/o-principio-galego.html>

## Por que?



Autoría: Nicolai Popov

Editorial: Kalandraka

Serie/Colección: Tras os montes


Ano: 2017

ISBN: 978-84-8464-367-8

Sinopse: Álbum sen texto no que o lectorado máis novo descubrira o desatino que supoñen as guerras.

<https://kalandraka.com/por-que-galego.html>

## Rebelión na charca



Texto: Miro Villar

Ilustración: Ana Santiso

Editorial: Sotelo Blanco

Ano: 2012

ISBN: 978-84-7824-618-2

Sinopse: Unha fábula sobre a prepotencia, a soberbia e os abusos do poder e, por suposto, procura ensinanza e ten final feliz.

## Soños á beiramar



Texto: Rosa Estévez Gantes

Ilustración: Rafa Antón

Editorial: Kalandraka

Colección: Demademora

Ano: 2022

ISBN: 978-84-1343-157-4

Sinopse: Unha historia de amizade que supera fronteiras. Dúas amigas, fillas de emigrantes, xogan na praia, comparten emocións e sentimentos e volven para as súas casas cunha botella cunha mensaxe que atoparon.

<https://kalandraka.com/sonos-a-beiramar-galego.html>

## Un barco no ceo



Autor: Quentin Blake

Tradución: Emma Lázare

Editorial: Kalandraka

Ano: 2007


ISBN: 978-84-8464-637-2

Sinopse: A historia dunha arca voadora, que percorre o planeta salvando ás vítimas da violencia, da guerra e dos desastres



# Lecturas autónomas

## A historia de Erika



Texto: Ruth Vander Zee

Ilustración: Roberto Innocenti

Tradución: X. M Gzlez. Barreiro

Editorial: Kalandraka

Colección: Tras os montes

Ano: 2005


ISBN: 978-84-8464-520-7

Sinopse: Historia dunha nena que sobreviviu ao exterminio, salvada por uns descoñecidos.

[http://www.kalandraka.com/ga/colecciones/nome-coleccion/detalle-](http://www.kalandraka.com/ga/colecciones/nome-coleccion/detalle-libro/ver/a-historia-de-erika/)

[libro/ver/a-historia-de-erika/](http://www.kalandraka.com/ga/colecciones/nome-coleccion/detalle-libro/ver/a-historia-de-erika/)

## A lavandeira de San Simón



Texto: Eva Mejuto

Ilustración: Bea Gregores

Editorial: Xerais

Colección: Pequena memoria

Ano: 2020

ISBN: 978-84-9121-762-6

Sinopse: Un álbum que conta unha historia e informa dos campos de concentración, do sufrimento dos presos, dos perigos que corrían as persoas por axudalos.

<https://www.xerais.gal/libro/pequena-memoria/a-lavandeira-de-san-simon-eva-mejuto-9788491217626/>

## A lagoa das nenas mudas



Texto: Fina Casalderrey

Ilustración: Patricia Castelao

Editorial: Xerais

Colección: Sopa de libros

Ano:

ISBN: 978-84-9782-521-4

Sinopse: Amina vaise vivir a un lugar remoto do que descoñece ata o idioma; o libro é o relato da emigración e o rexeitamento e as dificultades que sofren moitos emigrantes.

<https://www.xerais.gal/libro.php?id=1374722>

## A narradora do deserto



Texto: Josep Antoni Fluixá

Ilustración: Anna Clariana

Tradución: Ignacio Chao

Editorial: Xerais

Colección: Andavía

Ano: 2005

ISBN: 978-84-9782-289-3

Sinopse: Por mor das guerras e da fame, xa non queda ninguén que a escoite as historias de Amina.

## **A rebelión dos coellos máxicos**



Texto: Ariel Dorfman

Ilustración: Anke Faust

Tradución: Xosé Manuel Moo Pedrosa

Editorial: Xerais

Colección: Merlín

Ano: 2001

ISBN: 84-8302-692-9

Sinopse: Cando os lobos se apoderaron do país dos coellos, o primeiro que fixo o xefe da manda foi proclamarse rei. O segundo foi anunciar que os coellos xa non existían.

## **A teima de Xan**



Texto: Antonio García Teijeiro

Ilustración: Fino Lorenzo

Editorial: Galaxia

Colección: Árbore


Ano: 2005

ISBN: 978-84-8288-788-3

Sinopse: Posguerra. A morte dun seu tío, Xan da en lembrar un tempo pasado no que as personas non podían pensar en liberdade.

<http://editorialgalaxia.gal/produto/a-teima-de-xan/>

## **Caixa de cartón**



Texto: Txabi Arnal

Ilustración: Hassan Amekan

Tradución: Marisa Núñez

Editorial: OQO

Colección: Qcontextos


Ano: 2010

ISBN: 978-84-9871-214-8

Sinopse: Unha crónica da inmigración desde un punto de vista dunha nena inmigrante que nos fala da fame e da miseria nos países de orixe, das mafias que trafican con persoas, do odio e da xenofobia coa son recibidos.

<http://oqo.es/gl/produto/caixa-de-carton/>

## **Comandante Hussi**



Texto: Josrge Araújo

Ilustración: Pedro Sousa Pereira

Tradución: Ramón Nicolás


Editorial: Kalandraka

Ano: 2007

ISBN: 978-84-8464-624-2

Sinopse: A guerra truncou a infancia de Hussi e convertíuno nun neno-soldado que conviviu de preto coa morte, a miseria

### Como escorrentar un lobo



Texto: Antonio M. Fraga  
Ilustración: María Brenn  
Editorial: Cuarto de invierno  
Ano: 2024  
ISBN: 978-84-124586-4-0

Sinopse: Recupera a figura de Alfreda Noncia Markowska, unha muller polaca, xitana, que arriscou a súa vida para salvar as crianzas das mans dos nazis, como fixeron as irmás Touza en Ribadavia.

<https://cuartodeinverno.com/libros/16/como-escorrentar-un-lobo>

### Lúa do Senegal




Texto: Agustín Fernández Paz  
Ilustración: Marina Seoane  
Editorial: Xerais  
Colección: Sopa de libros  
Ano: 2009  
ISBN: 978-84-9782-556-6

Sinopse: O relato aborda a emigración desde o punto de vista do desarraigamento e a intensa tristeza que a rodean e destaca o valor da multiculturalidade, a diversidade lingüística e a convivencia, así como a importancia de conxugar memoria e futuro.

<https://www.xerais.gal/libro/de-10-anos-en-diante/lua-do-senegal-agustin-fernandez-paz-9788497825566/>

### Lúa en Ningures



Texto: Beatriz Maceda  
Ilustración: Laura Veleiro  
Editorial: Xerais  
Colección: Merlín  
Ano: 2019  
ISBN: 978-84-9121-463-2

Sinopse: A vida de nenas e nenos nun campo de refuxiados. Catro nenas refuxiadas montan unha editorial escribindo contos para repartilos entre os nenos e nenas do campo e axudarlles así a aturar a súa situación.

<https://www.xerais.gal/libro/de-9-anos-en-diante/lua-en-ningures-beatriz-maceda-9788491214632/>

### Mambrú volveu da guerra




Texto: Carlos Labraña  
Ilustración: Raquel Lagartos  
Editorial: Xerais  
Colección: Merlín  
Ano: 2022  
ISBN: 978-84-1110-428-9

Sinopse: Unha peza teatral que trata da memoria histórica e do recoñecemento de todas as persoas esquecidas nas cunetas e muros de cemiterios.

<https://www.xerais.gal/libro/de-11-anos-en-diante/mambru-volveu-da-guerra-carlos-labraña-9788411104289/>

## Música no fallado



Texto: Miguel A. Alonso Diz

Ilustración: Laura Tova

Editorial: Xerais

Colección: Merlín


Ano: 2018

ISBN: 978-84-9121-409-0

Sinopse: Nos fallados das casas está gardada a memoria das familias. Lucía e Miguel atopan no fallado as raíces familiares que enfiadas na música que simboliza os lugares e o tempo que viviron, dan conta dunha época de represión, de emigración, de medo e de silencios.

<https://www.xerais.gal/libro/de-11-anos-en-diante/musica-no-faiado-miguel-angel-alonso-diz-9788491214090/>

## O capitán Maimiño



Texto: Antonio Manuel Fraga

Ilustración: Manel Cráneo

Editorial: Tambre

Colección: Ala Delta

Ano: 2016

ISBN: 978-84-9046-146-4

Sinopse: O capitán Maimiño, xefe dos exércitos do rei Pousafoles V, está desesperado. O seu fillo Belleco non quere ser guerreiro coma el, e a súa filla Chinchamoca prefere enredar polo bosque que ser unha doncela casadeira.

[https://www.edelvives.com/es/tienda/o-capitan-maimino?](https://www.edelvives.com/es/tienda/o-capitan-maimino?srsltid=AfmBOoriV_hVahYQ_w7TBqIFd_WtC52VQHtWinltJVkYbAADnL40SRbu)

[srsltid=AfmBOoriV\\_hVahYQ\\_w7TBqIFd\\_WtC52VQHtWinltJVkYbAADnL40SRbu](https://www.edelvives.com/es/tienda/o-capitan-maimino?srsltid=AfmBOoriV_hVahYQ_w7TBqIFd_WtC52VQHtWinltJVkYbAADnL40SRbu)

## O carteiro de Bagdad



Texto: Marcos S. Calveiro

Ilustración: Miguel Ángel Díez Navarro

Editorial: Tambre- Edelvives

Colección: Ala Delta


Ano: 2007

ISBN: 978-84-96772-66-3

Sinopse: En Bagdad, que hoxe resiste baixo as bombas, entre o fogo cruzado, a xente vive esculcando o ceo, as escolas pecharon e os cativos xa non xogan na rúa. Alleo a todo, Ibrahim reparte o correo na súa motocicleta.

<https://www.edelvives.com/es/tienda/o-carteiro-de-bagdad>

## O tempo das palabras en voz baixa



Texto: Anne-Lise Grobéty

Ilustración: Esperanza León

Tradución: Emma Lázare

Editorial: Xerais

Colección: Sopa de libros

Ano: 2005

ISBN: 84-9782-312-5

Sinopse: Un libro sobre os campos de exterminio nazi do pobo xudeu,

## O valo



Texto: Carlos Labraña

Ilustración: Nuria Díaz

Editorial: Xerais

Colección: Merlín

Ano: 2017

ISBN: 978-84-9121-255-3

Sinopse: Un neno soldado, chanta unha bandeira e coloca un valo na fronteira. Do outro lado do valo, Sahara, unha rapaza que foxe da guerra, trata de convencelo de que a deixe pasar, xa que está procurando un pozo onde saciar a súa sede.

<https://www.xerais.gal/libro/de-11-anos-en-diante/o-valo-carlos-labraña-9788411102353/>

## Os camiños do vento



Texto: Xavier Estévez

Ilustración: Xosé Cobas

Editorial: Xerais

Colección: Merlín


Ano: 2019

ISBN: 978-84-9121-609-4

Sinopse: As dificultades, os abusos, os atrancos legais, estados xenófobos, persoas solidarias que atopan dous irmáns que escapan da guerra.

<https://www.xerais.gal/libro/de-11-anos-en-diante/os-caminos-do-vento-xavier-estevez-9788491216094/>

## Palabras de caramelo



Texto: Gonzalo Moure

Ilustración: Fernando Martín Godoy

Tradución: Ignacio Chao

Editorial: Xerais

Colección: Sopa de Libros


Ano: 2003

ISBN: 978-8466715713

Sinopse: Sobre a vida dun neno saharai xordo nun campo de refuxiados; o seu contacto coa amizade, coa morte e coa supervivencia,

<https://www.xerais.gal/libro/de-12-anos-en-diante/palabras-de-caramelo-galego-gonzalo-moure-9788497820714/>

## Que é a guerra



Autor: Eduard Altarriba

Tradución: Moisés Barcia

Editorial: Sushi Books

Colección: Álbum

Ano: 2024

ISBN: 978-84-16884-90-2

Sinopse: Un álbum ilustrado que quere dar resposta a todas as preguntas que que xurden sobre as guerras, motivos, razóns, consecuencias...

<https://rinoceronte.gal/sushibooks/produto/que-e-a-guerra/>

## Segredos soterrados



Texto: Alba De Evan e Xabier Domínguez

Ilustración: Eli García

Editorial: Xerais

Colección: Sopa de libros

Ano: 2023

ISBN: 978-84-1110-334-3

Sinopse: Unha aventura que descobre a presenza nazi en Galicia na II Guerra Mundial, os tesouros agochados no subsolo e as tramas de corrupción que manexan o mundo.

<https://www.xerais.gal/libro/de-12-anos-en-diante/segredos-soterrados-xabier-dominguez-perez-9788411103343/>

## Sempre Hausa



Texto: Xoán Babarro

Ilustración: Cruz Lago

Editorial: Galaxia

Colección: Árbore

Ano: 2004

ISBN: 978-84-8288-688-6

Sinopse: Abduhali é un rapaz hausa que ten que deixar a familia e buscar novas terras para fuxir da miseria.

<https://editorialgalaxia.gal/produto/sempre-hausa/>

## Sete días con Leo / Sete días con Lía



Autor: Xosé Tomás

Editorial: Embora

Colección: Fardel dos sonhos


Ano: 2024

ISBN: 978-84-19853-11-0

Sinopse: A vida é ben distinta se a vives nun país en paz ou nun país en guerra, na túa casa ou nun campo de refuxiados, pero os seres humanos somos iguais esteamos onde esteamos.

<https://www.edicionsembora.es/titulo/sete-dias-con-leo-sete-dias-con-lia>

## Son unha noz



Texto: Beatriz Osés

Ilustración: Jordi Sempere

Tradución: Equipo edebé

Editorial: Edebé

Colección: Tucán

Ano: 2016

ISBN: 978-84-8349-544-5

Sinopse: Migracións. A vida da avogada Marinetti muda por completo o día en que Omar H, un neno refuxiado cae da póla da súa nogueira.

<https://edebé.com/libro/son-unha-noz/>

## **Tres bichicomas, dúas illas e unha serea**



Texto: Rosa Aneiros

Ilustración: Abi Castillo

Editorial: Xerais

Colección: Merlín

Ano: 2020

ISBN: 978-84-9121-568-4

Sinopse: Premio Agustín Fernández Paz pola igualdade 2020. No libro agroman a inmigración, os refuxiados, a morte, a lexislación laboral, a familia como apoio, a amizade, os medios de comunicación... a historia de Aylan Kurdi, de tres anos, afogado na praia turca de Bodrum. Neste libro uns nenos atopan unha muller, ou serea?, que chegou polo mar e deciden axudala; o avó, lembrando os anos de miseria e emigración, implícase na axuda.

<https://www.xerais.gal/libro/de-9-anos-en-diante/tres-bichicomas-duas-illas-e-unha-serea-rosa-aneiros-9788491215684/>

## **Un cuadro de Picasso**



Texto: Claire d'Arcourt

Ilustración: Pablo Picasso

Tradución: X. Ballesteros

Editorial: Kalandraka


Colección: Arte

Ano: 2011

ISBN: 978-84-15250-22-7

Sinopse: Un fermoso libro ilustrado que permite ás nenas e aos nenos afondar nunha das obras de arte máis importantes da historia e comprender o simbolismo das figuras e o trágico contexto histórico do lenzo.

## **Unha bolsa de canicas**



Texto: Joseph Joffo

Ilustración:

Tradución: X. Carlos Alvarez Quintero

Editorial: Do Cumio

Colección: Gaivota

Ano: 1998

ISBN: 978-84-87126-01-7

Sinopse: A guerra, a persecución, a morte, vista polos ollos dun neno xudeo.

## **Unha estrela para Amina**



Texto: Celia Díaz Núñez

Ilustración: Kristina Sabaite

Editorial: Galaxia

Colección: Árbore

Ano: 2020

ISBN: 978-84-9151-472-5


Sinopse: Unha boneca conta a historia dunha nena nun campamento de refuxiados, ou nun centro de detención de migrantes ou semellante, en calquera punto do planeta.

<https://editorialgalaxia.gal/produto/unha-estrela-para-amina/>



# Lecturas expertas

## 36-39 Malos tempos



Autor: Carlos Giménez

Tradución: Isabel Soto

Editorial: El patito

Ano: 2013

ISBN: 978-84-941109-0-0

Sinopse: Memoria histórica. Novela gráfica que reflicte as consecuencias da Guerra Civil nas familias españolas. O medo á morte na madrugada

<https://faustoisorna.com/producto/36-39-malos-tempos>

## A boca do monte



Texto: Celia Díaz Núñez

Editorial: Galaxia

Colección: Costa Oeste

Ano: 2016

ISBN: 978-84-9865-688-6

Sinopse: Historia sobre os nosos devanceiros que foron esmagados polo imperio romano que escravizou ás xentes de Galicia para furar unha montaña brutal.

<http://editorialgalaxia.gal/produo/a-boca-do-monte/>

## A deserción de Stalin



Autor: Tomás Guerrero

Editorial: Demo


Ano: 2015

ISBN: 978-84-943403-1-4

Sinopse: Guerra fría. Política de bloques. Unha historia de axentes secretos que o autor crea mesturando imaxinación e realidade histórica.

<https://demoeditorial.com/drama-social/27-a-desercion-de-stalin.html>

## A guerra dos botóns



Texto: Louis Pergaud

Tradución: Xoán Manuel Garrido Vilariño e Mercedes Isabel Martínez Rodríguez

Editorial: Xerais


Colección: Fóra de xogo

Ano: 2019

ISBN: 978-84-9121-491-5

Sinopse: Unha alegación pacifista, mesmo antimilitarista, que xira arredor da rivalidade e pelexas entre os rapaces de dúas pequenas vilas rurais

## **A ladra da biblioteca de Meirás**



Texto: Eva Mejuto

Editorial: Xerais

Colección: Fóra de xogo

Ano: 2022

ISBN: 978-84-1110-105-9

Sinopse: Nos primeiros anos despois da guerra, a veciñanza de Meirás, vive á sombra do pazo, da familia do dictador e unha nena aproveita para gozar da biblioteca e os libros.

## **A lingua das bolboretas**



Texto: Manuel Rivas

Ilustración: Miguelanxo Prado

Editorial: Galaxia


Ano: 2005

ISBN: 978-84-8288-874-3

Sinopse: Memoria histórica. A lingua das bolboretas, narra a historia de Pardal, un neno de seis anos, que comeza a ir ao colexio e a coñecer o mundo poucos anos antes de que comece a Guerra Civil española.

<http://editorialgalaxia.gal/produto/a-lingua-das-bolboretas/>

## **A man do diaño**



Autor: Brais Rodríguez

Editorial: Demo


Ano: 2011

ISBN: 978-84-936993-6-9

Sinopse: Unha ollada sobre a guerra, un conflito bélico nun país indeterminado que leva a cada personaxe que o sofre a ter que enfrontarse consigo mesmos e os seus instintos máis básicos.

<https://demoeditorial.com/drama-social/13-a-man-do-diano.html>

## **A sombra descalza**



Texto: An Alfaya

Editorial: Xerais

Colección: Fóra de xogo


Ano: 2006

ISBN: 978-84-9782-426-2

Sinopse: Elsa, unha moza de dezaseis anos, vive asfixiada nun ambiente poboado de segredos familiares, polo comportamento indigno dalgúnha persoa da familia en tempos da guerra civil ou da posguerra.

<http://www.xerais.gal/libro.php?id=1265935>

## A tribo do mar




Texto: Lois Pérez  
Editorial: Xerais  
Colección: Fóra de xogo  
Ano: 2023  
ISBN: 978-84-1110-404-3

Sinopse: Trata o tema da emigración dende o punto de vista da poboación subsahariana emigrante. Fala da miseria, da dor da separación, dos perigos da viaxe, da crueldade de traficantes e gobernantes

<https://www.xerais.gal/libro/fora-de-xogo/a-tribo-do-mar-lois-perez-diaz-9788411104043/>

## Ás de bolboreta




Texto: Rosa Aneiros  
Editorial: Xerais  
Colección: Fóra de xogo  
Ano: 2011  
ISBN: 978-84-9151-025-3

Sinopse: Premio Fundación Caixa Galicia de literatura xuvenil 2009. Unha novela multiracial, multicultural e interxeneracional no que as vidas dos personaxes converxen no bar A Luzada. Saberemos da dor do exilio, da vellez, da guerra. Da perda: uns deixaron a súa terra, o seu amor, a súa familia... a outros fôiselles o tempo e a saúde. Manuel é un neno curioso e o seu avó busca respostas.

<https://www.xerais.gal/libro/fora-de-xogo/as-de-bolboreta-rosa-aneiros-9788499142159/>

## As palabras feridas




Texto: Jordi Sierra i Fabra.  
Tradución: Xesús Domínguez Dono  
Editorial: Galaxia  
Colección: Costa Oeste  
Ano: 2017  
ISBN: 978-84-9151-025-3

Sinopse: Nun país no que non se permite pensar, no medio dun cárcere perdido no medio da nada, o vixisnte dun vello profesor e poeta detido por «disidente», comprobará como o seu mundo se derruba por dentro ao descubrir a forza indestrutible do amor.

<http://editorialgalaxia.gal/produto/as-palabras-feridas/>

## As palabras poden matar




Texto: Marcos Calveiro  
Editorial: Xerais  
Colección: Fóra de xogo  
Ano: 2015  
ISBN: 978-84-9914-811-3

Sinopse: En Seavia morren cada ano máis de trinta mulleres, homes e nenos vítimas da violencia. Os seus habitantes están todos xordos, mudos e cegos, porque saben que as palabras poden matar.

<https://www.xerais.gal/libro.php?id=3926342>

## **Cabeza de pelouro**



Texto: Jean-Paul Nozière  
Tradución: Leandro García Bugarín  
Editorial: Galaxia  
Colección: Costa Oeste  
Ano:

ISBN: 978-84-9865-391-5

Sinopse: Un libro que relata o esforzo dunha rapaza alxeriana por saír adiante en Europa, enfrontando a xenofobia

<http://editorialgalaxia.gal/produto/cabeza-de-pelouro/>

## **Calella sen saída**




Texto: Víctor Omgba  
Editorial: Galaxia  
Colección: Costa Oeste  
Ano: 2011

ISBN: 978-84-8288-846-0

Sinopse: Unha narración realista, dura e emotiva sobre a vida dos inmigrantes africanos en España, contada por un dos seus protagonistas.

<https://editorialgalaxia.gal/produto/calella-sen-saida/>

## **Cando Hitler roubou o coello rosa**




Texto: Judith Kerr  
Tradución: María Carmen Ares Vázquez  
Editorial: Alfaguara  
Colección: Alfaguara xuvenil  
Ano: 1990

ISBN: 84-204-5059-6

Sinopse: Dous nenos xudeos alemáns que viven en Berlín cos seus pais durante o acceso de Adolf Hitler ao poder e que marchan de Alemania coa súa familia.

## **Cartas na escuridade**




Texto: Lois Pérez  
Editorial: Cuarto de inverno  
Colección: Xuvenil  
Ano: 2024

ISBN: 978-84-124586-5-7

Sinopse: Trata dunha nena e un neno soldado ugandeses "que por circunstancias diversas e o tráfico de persoas, rematan ás portas do Mundial de Catar, el traballando nos estadios e ela facendo hoteis sen saber que están os dous no mesmo país logo de anos sen verse.

<https://cuartodeinverno.com/libros/18/cartas-na-escuridade>

## Cen + cen pés



Autor: Xaquín Marín

Editorial: Embora

Serie/Colección:


Ano: 2007

ISBN: 978-84-95460-4

Sinopse: Viñetas de humor negro, intelixente e sarcástico nas que o autor representa todo tipo de tiranía e abuso.

[http://www.edicionsembora.es/producto\\_detalle.php?producto=1115](http://www.edicionsembora.es/producto_detalle.php?producto=1115)

## Centauros do Norte



Texto: Marcos S. Calveiro

Editorial: Rodeira- Edebé,


Colección: Periscopio

Ano: 2011

ISBN: 978-84-8349-306-9

Sinopse: Rafael tiña dezaseis anos e non era un revolucionario, senón músico. Mais o asasinato do seu pai e o seu desexo de vinganza levarano a cabalgar canda o xeneral Pancho Villa, un vello filósofo, Longinos, e unha moza india

## Cita na Habana



Autor: Fran Jaraba


Editorial: Xerais

Ano: 2000

ISBN: 84-8302-415-2

Sinopse: Aventura de coidada ambientación histórica que transcorre na Guerra da Independencia de Cuba.

## Compañeiros. Homenaxe ás vítimas do Portiño



Autor: Xosé Tomás


Editorial: Comisión pola recuperación da memoria histórica

Ano: 2008

Depósito legal: C4286-2008

Sinopse: Banda deseñada. En 1937 un cento de republicanos coruñeses tentaron fuxir da represión franquista desde O Portiño mais foron delatados e foron asasinados.

## De fel e mel



Texto: Patxi Zubizarreta

Ilustración: X. M. Moo Pedrosa

Editorial: Xerais


Colección: Fóra de xogo

Ano: 2007

ISBN: 978-84-9782-608-2

Sinopse: Narra a longa viaxe dende as rúas de Marrakesh cara a Francia na procura de fortuna.

## Debuxos no muro



Texto: Aurora Ruá

Tradución: Ramón Nicolás

Editorial: Galaxia

Colección: Costa Oeste


Ano: 2014

ISBN: 978-84-9865-519-3

Sinopse: Memoria histórica. Pablo é un mozo de 15 anos descobre uns debuxos nas paredes dunha cova dun rapaz da súa idade, prisioneiro republicano durante a Guerra Civil de España .

<https://editorialgalaxia.gal/produto/debuxos-no-muro/>

## Diario de Ana Frank



Texto: Ana Frank

Tradución: Tomás Ruibal

Editorial: Kalandraka

Colección: Factoría K

Ano: 2015

ISBN: 978-84-15250-94-4

Sinopse: Escrito entre o 12 de xuño de 1942 e o 1 de agosto de 1944 no ático de Amsterdam onde Anae a súa familia se esconderon dos nazis, é unha análise social e política desde o seu agocho, o xenocidio e a barbarie que acontecían no exterior

<https://kalandraka.com/diario-de-ana-frank-galego.html>

## Eu son Suleimán



Texto: Antonio Lozano

Tradución: Carlos Acevedo

Editorial: Kalandraka

Colección: Faktoría K de libros,


Ano: 2017

ISBN: 978-84-16721-06-1

Sinopse: A historia de calquera dos miles de rapaces que desafían a morte para chegar a Europa fuxindo da guerra e da miseria no continente africano.

<https://kalandraka.com/eu-son-suleiman-galego.html>

## **Fume**



Texto: Antón Fortes

Ilustración: Joanna Concejo

Editorial: OQO


Colección: Contextos

Ano: 2008

ISBN: 978-84-9871-059-5

Sinopse: Relata a trágica experiencia dos nenos nos campos de concentración.

## **Guernica**



Texto: Heliane Bernard

Ilustración: Olivia Charpentier

Tradución: Emma Lázare

Editorial: Kalandraka

Ano: 2008

ISBN: 978-84-8464-654-9

Sinopse: A obra desgrana os episodios que conduciron á materialización desta obra de arte, un símbolo da liberdade, unha metáfora sobre o drama humano e o estourido da II Guerra Mundial.

## **In memoriam**



Texto: Pepe Carballude

Editorial: Xerais

Colección: Fóra de Xogo

Ano: 2021

ISBN: 978-84-9121-904-0

Sinopse: Un grupo de voluntarios da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica que busca os restos dun fusilado pouco despois da Guerra Civil, sacará á luz débedas pasadas e vellas historias adormecidas.

<https://www.xerais.gal/libro/fora-de-xogo/in-memori- am-pepe-carballude-9788491219040/>

## **Irmán do vento**



Texto: Manuel Lorenzo González

Editorial: Xerais

Colección: Fóra de Xogo

Ano: 2003

ISBN: 978-84-9782-055-4

Sinopse: A novela trata sobre como viven os nenos e as nenas un conflito bélico e sofre as súas consecuencias máis duras. É a crónica da destrución inexorable de todo canto Khaled é e de canto soña ser.

<https://www.xerais.gal/libro/fora-de-xogo/irman-do-vento-manuel-lourenzo-gonzalez-9788497820554/>

## **Maus**



Autor: Art Spiegelman  
Tradución: Estela Villar Nogueira  
Editorial: Rinoceronte  
Colección: Novela gráfica  
Ano: 2017  
ISBN: 978-84-92866-89-2

Sinopse: Ratos e gatos serven a Art Spiegelman para narrar con gran mestría e unha linguaxe innovadora a biografía do seu pai, Vladek, xudeu polaco supervivente do Holocausto.

<https://rinoceronte.gal/produto/maus/>

## **Memoria do silencio**



Texto: Eva Mejuto  
Editorial: Xerais  
Colección: Fóra de xogo  
Ano: 2019  
ISBN: 978-84-9121-461-8

Sinopse: En plena ditadura, durante a II Guerra Mundial, tres mulleres galegas dirixen unha rede que salva vidas.

<https://www.xerais.gal/libro/fora-de-xogo/memoria-do-silencio-eva-mejuto-9788491214618/>

## **Nassima, á sombra dos talibán**



Texto: Merçé Rivas Torres  
Ilustración: María Lires  
Tradución: Mercedes Pacheco  
Editorial: Ir Indo  
Colección: Contacontos  
Ano: 2002

ISBN: 978-84-7680-360-8

Sinopse: Nassima é unha nena de dez anos, nacida no Afganistán dos talibán, que ten que fuxir do seu país, envolta nunha alfombra do xeito que lle propón o seu pai. O seu amigo Mohamed será quen a acompañe nesta historia dos nosos días, arriscada e valente.

## **Noite de voraces sombras**




Texto: Agustín Fernández Paz  
Editorial: Xerais  
Colección: Fóra de xogo  
Ano: 2002

ISBN: 978-84-8302-910-7

Sinopse: Narración centrada na urxencia de transmitir a información sobre os anos da represión e do exilio interior que sufriron moitos mestres republicanos tras o levantamento militar para transmitila ás novas xeracións.

<https://www.xerais.gal/libro/fora-de-xogo/noite-de-voraces-sombras-agustin-fernandez-paz-9788483029107/>

## Nómades



Autor: Xosé Tomás

Editorial: Galaxia

Colección: Novela gráfica

Ano: 2011

ISBN: 978-84-9865-392-2

Sinopse: Migracións. Refuxiados. Mulleres que o arriscan todo para cruzar o mar polo futuro dos seus fillos.

<https://editorialgalaxia.gal/produto/nomades/>

## Nun lugar chamado guerra



Texto: Jordi Sierra i Fabra

Tradución: María García Cameselle

Editorial: Galaxia

Colección: Costa Oeste

Ano: 2014

ISBN: 978-84-8288-614-5

Sinopse: Unha descarnada mostra de cómo viven na actualidade millóns de rapaces e rapazas vítimas da guerra e dos éxodos masivos.

<https://editorialgalaxia.gal/produto/nun-lugar-chamado-guerra/>

## O lago das garzas azuis



Texto: Alfonso Pexegueiro

Editorial: Xerais


Ano: 2005

ISBN: 978-84-9782-362-3

Sinopse: Un conto poema que narra unha historia sobre os nenos africanos que morren de fame e medo e aparecen como fríos números das estatísticas.

<https://www.xerais.gal/libro/fora-de-xogo/o-lago-das-garzas-azuis-alfonso-pexegueiro-9788497823623/>

## O neno do pixama de raias



Texto: John Boyne

Tradución: Daniel Saavedra

Editorial: Lalandraka

Colección: Factoría K

Ano: 2019

ISBN: 978-84-16721-37-5

Sinopse: A relación de amizade entre un neno ario e un neno xudeo internado nun campo de concentración.

<https://kalandraka.com/o-neno-do-pixama-de-raias-galego.html>

## O pai dun asasino



Texto: Alfred Anderch

Tradución: María de la O Fernández Estévez

Editorial: Galaxia

Colección: Árbore

Ano: 1992

ISBN: 978-84-7154-800-9

Sinopse: O ascenso da ideoloxía nazi en Alemaña vivido polos alumnos dun colexio.

<https://editorialgalaxia.gal/produto/o-pai-dun-asasino/>

## Palabras de pan



Texto: Blanca Álvarez

Tradución: Luis Fernández Rodríguez

Editorial: Tambre


Colección: Catavento

Ano: 2005

ISBN: 8978-84-88681-41-6

Sinopse: Un home que o perdeu todo, mesmo a familia, na defensa da orde democrática e da república, volve a Galicia, despois de participar na II Guerra Mundial, para proseguir a loita contra a ditadura franquista.

## Persépole



Autora: Marjane Satrapi

Tradución: Eva Carrión del Pozo

Editorial: Rinoceronte

Colección:

Ano: 2011

ISBN: 978-84-92866-26-7

Sinopse: Un cómic autobiográfico que relata a vida dunha nena no réxime fundamentalista iraniano. a familia decide mandala a Austria para que non teña que vivir a tortura e os asasinatos a que son sometidos amigos e familiares, onde ten que afrontar os prexuízos contra os refuxiados e inmigrantes.

<https://rinoceronte.gal/produto/persepole/>

## Quen matou a Inmaculada de Silva?



Texto: Marina Mayoral

Tradución:

Editorial: Xerais


Colección: Fóra de Xogo

Ano: 2009

ISBN: 978-84-9782-566-5

Sinopse: A novela conta a investigación que realiza Etelvina sobre o pasado familiar, que a levará a tratar de desvelar o misterio da morte dun fuxido e da súa antepasada Inmaculada de Silva, unha muller de gran beleza.


## Que sabes da guerra civil e o franquismo?



Texto: Manuel Veiga Taboada  
Ilustración: Carlos Gallego Domínguez  
Editorial: Xerais  
Colección: Seica  
Ano: 2021  
ISBN: 978-84-9121-981-1

Sinopse: Coñecer o pasado axúdanos a entender o presente. Este libro trata de explicar o que sucedeu de xeito ameno e obxectivo, contándonos tamén como era a sociedade e a vida diaria daquela época, daquel "tempo de silencio".  
<http://editorialgalaxia.gal/produto/rio-abaixo/>


## Rapaces de Dublín



Texto: Jean Claude Alain  
Tradución: Raquel Villanueva  
Editorial: SM  
Colección: Gran Angular  
Ano: 1990  
ISBN: 978-84-348-3124-7

Sinopse: Irlanda loita pola independencia do seu país fronte ós ingleses; Eamon parte da cara a Dublín, xunto co seu amigo Christy, para vingar a morte do seu irmán Evie por man dos ingleses.

## Recinto gris




Texto: Leticia Costas  
Editorial: Xerais  
Colección: Fóra de xogo  
Ano: 2014  
ISBN: 978-84-9914-608-9

Sinopse: Cidade VII foi invadida por un exército adestrado para conseguir unha cidade perfecta, trasladando en camións ás persoas consideradas diferentes, cara o Recinto Gris.

<https://www.xerais.gal/libro.php?id=3600064>

## Reencontro




Texto: Fred Uhlman  
Tradución: Miguel Pérez Romero  
Editorial: Galaxia  
Colección: Costa oeste  
Ano: 2007  
ISBN: 978-84-8288-817-01

Sinopse: A intensa amizade entre un rapaz xudeo e un ario remata coa chegada de Adolf Hitler ó poder.

<https://editorialgalaxia.gal/produto/reencontro/>

## Regreso á Illa de San Simón



VV AA. (Coor. Kiko da Silva)

Editorial: Deputación de Pontevedra

Colección: Memoria histórica


Ano: 2021

ISBN: 978-84-8457-501-6

Sinopse: Un interesante traballo de recuperación da memoria histórica realizado polo profesorado e alumnado da Escola Profesional de Banda Deseñada e Ilustración O Garaxe Hermético. O libro narra os feitos que se rexistraban na Illa de San Simón entre os anos 1936 e 1943.

<https://arquivos.depo.gal/memoria-historica/publicaciones-y-descargas>

## Río abaixo



Texto: Luís Bugarín Pereira

Editorial: Galaxia

Colección: Costa Oeste


Ano: 1998

ISBN: 978-84-8288-200-0

Sinopse: Relata da loita dos primitivos habitantes de Galicia, refuxiados nun castro, contra un pobo invasor.

<https://editorialgalaxia.gal/produto/rio-abaixo/>

## Smara



Texto: Paula Carballeira

Ilustración: Carole Hénaff

Editorial: Kalandraka

Colección: Seteleguas

Ano: 2006

ISBN: Seteleguas

Sinopse: Historias dentro dunha historia que vai narrando a avoa Ugago mentras agarda pola morte que se lle anunciou. A transmisión oral das orixes e vicisitudes dun pobo desterrado, o saharai.

## Stefano



Texto: María Teresa Andruetto

Tradución: Ánxela Gracián

Editorial: Galaxia

Colección: Costa Oeste

Ano: 2010

ISBN: 978-84-9865-165-2

Sinopse: A historia dun rapaz que foxe da pobreza da posguerra italiana cara a Arxentina e narra un naufraxio, unha longa aventura e por fin, o cumprimento dunha promesa.

<https://editorialgalaxia.gal/produto/stefano/>

## Tempo rachado



Texto: Margot Chamorro

Editorial: Xerais


Colección: Merlín

Ano: 1999

ISBN: 84-8302-377-6

Sinopse: Memoria histórica. Retrato da guerra civil, e dos longos e crueis anos da postguerra a través da ollada dunha nena viguesa nacida nunha familia dos vencidos.

## Teranga



Texto: Beatriz Maceda

Editorial: Xerais

Colección: Fóra de xogo


Ano: 2024

ISBN: 978-84-1110-532-3.

Sinopse: Conta a historia dun grupo de rapazas e rapaces de diferentes culturas, razas e orientación sexual; como se coñeceron, formaron un grupo e transformaron o seu instituto nun centro sen racismo nin homofobia.

<https://www.xerais.gal/libro/fora-de-xogo/teranga-beatriz-maceda-9788411105323/>

## Terra libre



Texto: Fran Jaraba

Editorial: Xerais


Colección: Cómico

Ano: 2008

ISBN: 978-84-9782-872-7

Sinopse: Na guerra de independencia de Cuba entre as tropas independentistas - os "mambises"- e o exército colonial, a poboación campesiña sofre especialmente a dureza do conflito.

## Tristes armas



Texto: Marina Mayoral

Editorial: Xerais

Colección: Fóra de xogo

Ano: 2015

ISBN: 978-84-9914-884-7


Sinopse: Memoria histórica. Fala dos nenos da guerra, aqueles que mandaron a Rusia para protexelos da violencia e a morte. É unha historia de fillos separados dos seus pais, de parellas desfeitas, de homes e mulleres zarandeados e maltratados polos ventos do odio.

<https://www.xerais.gal/libro/fora-de-xogo/tristes-armas-marina-mayoral-9788499148847/>



# Lecturas para mediación

## **Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega**



Texto: VV AA

Editorial: Xerais

Colección: Xerais Universitaria

Ano: 2015

ISBN: 978-84-9914-845-8

Sinopse: Análise sistemática da produción que se destina ao público lector infantil e xuvenil, que conta xa con auténticos clásicos que conviven coas voces que se foron incorporando ao longo dos anos, como reflicte este traballo.

<https://www.xerais.gal/libro/xerais-universitaria/historia-da-literatura-infantil-e-xuvenil-galega-blanca-ana-roig-rechou-9788499148458/>

## **A memoria das guerras na literatura infantil e xuvenil en lingua galega**



Texto: María Jesús Agra Pardiñas, Blanca-Ana Roig Rechou (GÁLIX)

Editorial: Xerais

Colección: Material educativo


Ano: 2004

ISBN: 978-84-9782-248-0

Sinopse: Unha publicación promovida por GALIX, recóllese unha antoloxía de trinta e oito obras da literatura infantil e xuvenil editada en galego que refliten, dende diferentes puntos de vista, as traumáticas consecuencias das guerras e dos conflitos bélicos e as súas repercusións para a humanidade

<https://www.xerais.gal/libro/material-educativo/a-memoria-das-guerras-na-literatura-infantil-e-xuvenil-en-lingua-galega-maria-jesus-agra-pardinas-9788497822480/>

## **Inmigración/Emigración na LIX**



Texto: Red Temática de Investigación "LIJMI"

Editorial: Xerais

Colección: Material educativo

Ano: 2014


ISBN: 978-84-9914-723-9 zx

Sinopse: O libro recolle diferentes traballos que supoñen un achegamento a un corpus de obras centradas nos fluxos migratorios que sen dúbida suscitan a reflexión, pois acollen as experiencias e identidades das persoas inmigrantes.

<https://www.xerais.gal/libro/material-educativo/inmigracion-emigracion-na-lix-red-tematica-de-investigacion-lijmi-9788499147239/>



## UNHA DUCIA DE LIBROS PARA LECTORADO MADURO QUE QUERE IR MÁIS ALÓ




### **A neta do señor Linh**

Texto: Philippe Claudel  
Tradución: Isabel García Fernández  
Editorial: Rinoceronte  
Colección: Contemporánea  
Ano: 2010  
ISBN: 978-8492866-05-2

Sinopse: O vello señor Linh abandona o seu país coa súa neta orfa, fuxindo da guerra cara a unha terra hostil da que descoñece a lingua e os costumes; de xeito fortuíto coincide co o señor señor Bark, que vive sumido no pasado. Un libro sobre o exilio, o desarraigo e soidade e tamén sobre a tolerancia.

<https://rinoceronte.gal/produto/a-neta-do-senor-linh/>


### **Cousas**



Texto: Castelao  
Ilustración: Castelao  
Editorial: Galaxia  
Colección: Biblioteca Castelao  
Ano: 2015  
ISBN: 978-84-8288-781-4

Sinopse: Cousas, un xénero propio do autor, é un conxunto de pequenos relatos con ilustración, que identifican o sentir dun pobo, o galego, e a súa diáspora.

### **De cabalos e lobos**



Texto: Fran P. Lorenzo  
Editorial: Xerais  
Colección: Narrativa  
Ano: 2015  
ISBN: 978-84-9914-836-6

Sinopse: Vigo, 1972, folga xeral en plena ditadura franquista; a través da protagonista imos coñecendo a historia da presenza dos alemáns na cidade dende a Guerra Mundial.

### **Enderezo descoñecido**




Texto: Kathrine Kressmann Taylor  
Tradución: Emma Lázare  
Editorial: Xerais  
Colección: Peto  
Ano: 2023  
ISBN: 978-84-1110-336-7

Sinopse: Esta novela epistolar é un alegato contra o nazismo. Conta a sorprendente historia de dous amigos que se queren como irmáns, socios-propietarios dunha galería de arte en California,

[https://www.xerais.gal/libro/peto/enderezo-descoñecido-kressman-taylor-](https://www.xerais.gal/libro/peto/enderezo-descoñecido-kressman-taylor-9788411103367/)

[9788411103367/](https://www.xerais.gal/libro/peto/enderezo-descoñecido-kressman-taylor-9788411103367/)

## Goražde, zona segura



Texto: Joe Sacco  
Ilustración: Joe Sacco  
Tradución: Rafael Salgueiro  
Editorial: Rinoceronte  
Colección: Novela gráfica  
Ano: 2013  
ISBN: 978-84-92866-49-6

Sinopse: Fala dos habitantes dunha vila bosníaca que sufriu duros ataques e privacións e un asedio terrible, persoas que, no medio da dor e a devastación, sentían que a guerra podía rematar e que poderían sobrevivir.

<https://rinoceronte.gal/produto/gorazde-zona-segura/>

## Herba



Texto: Keum Suk Gendry-Kim  
Ilustración: Keum Suk Gendry-Kim  
Tradución: Alba Vereá Pérez  
Editorial: Rinoceronte  
Colección: Novela gráfica  
Ano: 2024  
ISBN: 978-84-19795-13-7

Sinopse: Conta a historia dunha cativa que chegou a unha base aérea chinesa para converterse en escrava sexual das tropas do exército imperial xaponés, e como deu sobrevivido.

## O lapis do carpinteiro



Texto: Manuel Rivas  
Editorial: Xerais  
Colección: Narrativa  
Ano: 1998  
ISBN: 978-84-8302-261-0

Sinopse: No cárcere de Santiago de Compostela, en plena Guerra Civil, un pintor debuxa o Pórtico da Gloria cun lapis de carpinteiro, reflectindo os rostros e a desesperación dos seus compañeiros de presidio.

## O exército de fume




Texto: Manuel Gago  
Editorial: Xerais  
Colección: Narrativa  
Ano: 2018  
ISBN: 978-84-9121-392-5

Sinopse: Esta é unha novela de acción e de aventuras, apta para adolescentes con pasión pola lectura, fala daquelas persoas que formaron a resistencia contra a ditadura en Galicia e tamén da presenza do exército alemán e o papel desta resistencia en accións contra os nazis. Pero na novela hai outros personaxes, algúns ben recoñecibles, que conforman o retrato dun tempo.

<https://www.xerais.gal/libro/narrativa/o-exercito-de-fume-manuel-gago-9788491213925/>

## **Palestina**




Texto: Joe Sacco  
Ilustración: Joe Sacco  
Tradución: Rafael Salgueiro  
Editorial: Rinoceronte  
Colección: Novela gráfica  
Ano: 2013  
ISBN: 978-84-92866-48-9  
Sinopse: A obra da conta do drama cotián do pobo palestino: as detencións, as torturas, o derrube de fogares, a destrución da súa forma de vida e recursos naturais.

## **Resistencia**



Texto: Rosa Aneiros  
Editorial: Xerais  
Colección: Narrativa  
Ano: 2002  
ISBN: 978-84-8302-925-1  
Sinopse: A represión exercida en Portugal durante as ditaduras de Salazar e Marcelo Caetano e na actividade da resistencia clandestina antifascista;  
<https://www.xerais.gal/libro.php?id=595024>

## **Seique**



Texto: Susana Sánchez Aríns  
Editorial: Através Editora  
Ano: 2015  
ISBN: 978-84-87305-33-7  
Sinopse: Un texto sincero, poético e contundente sobre memoria histórica. Un libro moi orixinal, entre a poesía e a prosa, que fala deses fascistas, delatores, paseadores, criminais anónimos que non aparecen nos papeis nin nas fotos, deles todo se sabe e non se teñen datos concretos, todos son seicas.

## **Virtudes (e misterios)**



Texto: Xesús Fraga  
Editorial: Galaxia  
Colección: Literaria  
Ano: 2020  
ISBN: 978-84-9151-448-0

Sinopse: Premio Blanco Amor 2019, Premio da Crítica de Galicia 2021, Premio Nacional de Narrativa 2021. Conta a historia dunha muller forte -unha de moitas-, "viuva de vivo" que emigra soa a Londres, que enfrenta a soidade, o descoñecemento do idioma e saca a familia adiante co seu traballo. É tamén a historia do desarraigo e a incomprensión que sofren moitos emigrantes que xa non teñen un lugar de seu neste mundo.

<https://editorialgalaxia.gal/produto/virtudes-e-misterios/>



**gáliz**

asociación  
galega  
do libro  
infantil e xuvenil



**GÁLIX, DESFACENDO A RAIA 2025**